

ACTA DE SELECCIÓN DE 1 ADMINISTRATIVO/A PARA O CENTRO OCUPACIONAL VILALBA TERRA-CHÁ DEPENDENTE DA FUNDACIÓN PARA A PROTECCIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PSÍQUICA VILALBA TERRA-CHÁ.

Reunidos na casa do Concello de Vilalba, Lugo, a 26.01.23 a comisión para a selección de 1 ADMINISTRATIVO/A para traballar no Centro Ocupacional dependente da Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Psíquica Vilalba Terra-Chá , subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade (Expte TR352A 2022), D. Eladio de Vicente Fernández actuando como Presidente, D. Mauro Chico Carballas, actuando como Secretario, Dna. Mónica Bello Novo, actuando como Vogal , e Dna. Cristina Prado Rouco traballadora do Centro Ocupacional Vilalba Terra Chá actuando como Vogal e Dna. Miriam Seoane Dorado, traballadora do Centro Ocupacional Vilalba Terra Chá actuando como Vogal, nomeados pola Presidenta da Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Psíquica Vilalba Terra-Chá na aprobación das Bases da convocatoria.

Procédese á recepción dos aspirantes enviados pola Oficina Pública de Emprego de Vilalba, así como os que presentan directamente a súa candidatura ao posto, recollendo a documentación xustificativa dos méritos dos aspirantes presentados e interesados en participar no proceso selectivo para proceder á baremación dos mesmos. Seguidamente realízase a entrevista persoal de cada un dos aspirantes interesados no posto de traballo ofertado, valorando a mesma.

Os resultados do proceso son os que se reflexan na seguinte táboa:

NOME E APELIDOS	EXPERIENCIA LABORAL	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	ENTREVISTA	TOTAL
SONIA REGO FREIRE	0	0.6	6	6.60
CONCEPCIÓN ROUCO SANJURJO	6	1	7	14
SANDRA RAMIL MARTÍNEZ	4.85	2	7	13.85
ISABEL GACIO MÁRQUEZ	0.2	0.5	7	7.7
IRENE PIÑEIRO OTERO	0.5	0.4	5	5.9
CRISTINA OTERO DÍAZ	1.15	1.3	4	6.45

Tendo en conta as puntuacións acadadas, a persoa seleccionada para o posto de ADMINISTRATIVO para traballar no Centro Ocupacional dependente da Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Psíquica Vilalba Terra-Chá, a través dun contrato de 12 meses ao 50% da xornada laboral é a seguinte:

1-Concepción Rouco Sanjurjo.

As aspirantes que quedan como reservas por orde de puntuación son as seguintes:

2. Sandra Ramil Martínez
3. Isabel Gacio Márquez
4. Sonia Rego Freire
5. Cristina Otero Díaz
6. Irene Piñeiro Otero

As aspirantes que quedan excluídas por non presentarse son:
Estefanía Funcasta Filgueiras e M^a Begoña Fernandez Veiga

A comisión para a selección eleva os resultados da presente Acta á PRESIDENTA A FUNDACIÓN PARA A PROTECCIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PSÍQUICA VILALBA TERRA-CHÁ, para realizar a contratación do candidato elixido, e si renunciara o candidato proposto pasarase á lista de reservas.

E para que así conste asinan a presente Acta en Vilalba a 26 de Xaneiro de 2023

Asdo: D. Eladio De Vicente Fernández
Presidente da comisión de selección

Asdo: D. Mauro Chico Carballas
Secretario da comisión de selección

